

ATAFEGANDO O ASFALTO

NA PERPENDICULARIDADE DA SOIDADE

I.- CORREU A PEL DA NOITE

CORREU A PEL DA NOITE

Correu a pel da noite
aparcar na beirarrúa do solpor,
no espazo soturno das andorriñas viaxeiras
que chían por enriba dos faiados
apegadas ás antenas e chemineas dos tellados,
arrastrando a noite,
cubrindo a cidade dunha tea ensombrecida
coma a angustia das desgrazas,
coma o fume mouro das caldeiras da calefacción
esparramando negruras que se afogan
no aire que respira o pulmón da cidade
nunha néboa industrial e simulada de engano,
que abrangue ás árbores e ás persoas
en alentos perturbados de drama.

Fiestras

A cidade ten máis ollos ca Argos
nos andares rematados en fiestras.
Ó anoitecer pechan as súas pálpebras brancas de persiana
que baixan en lamelas cicatrizadas
nas feridas que axustan a noite ó silencio,
para descubrir pesares entristecidos
na pendurada meditación absorta en soños,
que se eleva ó gurgullar ausencias
e ó nacer a luz do outro lado da fantasía,
que se vai enchendo nas pucharcas da imaxinación
e nas cavilosidades enmadeixadas da realidade.
Confusíons do espírito que patexa
pola ausencia dunha verdade
que se proxecta na virtualidade do sono.

DEAMBULAN AS ALMAS VAGAROSAS

Deambulan as almas vagarosas
entre as chemineas dos desconsolos,
abatidas polas escopetas oblicuas da noite
que fan chagas coma caraveis vermellos
na perpendicularidade calma dos edificios
e nas portas cerradas ó afecto, no asfalto.

Ai que tormento escuro na cidade afluxida! . . .
e no tremelucir das lanternas da beirarrúa,
desconfortadas polos abandonos da benquerenza,
entrustecidas polos faros dos deuses de metal
que rompen as estruturas da noite aciaga
e fan espiños que aguilloan a tenrura
desas almas desaconchegadas e mortificadas
por funestas mágoas de desilusións
cando falta o querer dos que queres.

Ai cidade perversa e baldeira de amor! . . .

Compra feixes de rosas e regálallelas

ás almas rotas de desconsolo,

e déixaas deambular vagorosas

polas chemineas do conforto.

Ofrécelles a cama da ilusión

e as mans delicadas do afecto, no asfalto

ESMOLEIROS

Cando se clausura o día
no cemiterio da noite
e fenece o avesporeiro da vida:
un campo ermo de cemento cobre a cidade,
un deserto de soildade esfachareada na luz
abrange o desterro do asfalto.

Descansan os corpos nos nichos da escuridade,
ateigados en púcaros de alcobas goridas.
Sartegos da noite
en andares desolados.

O retiro solitario da nostalxia
cobre cuñ manto de ébano
as almas baldías de esmoleiros e vagabundos
acubillados en plásticos
acartonados ó asfalto.

RÓTULOS DELOURADOS

Rótulos cargados nas azagaias,
delourados encima das tendas;
cabeceira e exordio da nigromántica chamada
de luces choscadas en letras de ollos abertos
e rompente mirada.

Roseiras de habelencia estraña.

Estratexia florecida que esnaquiza a luzada
en relustros nivelados e perpendiculares apaixoados en cores
amortecidos e aplacados en segundos de claxon
cliñotantes no alterno chusco da noite.

Contaxiades as rúas en neóns de ilusións caratuladas
e tinguides o asfalto.

EIS A CIDADE AMOUCHADA.

Eis a cidade amouchada
nun acougo enzoufado de noite,
amosa os farrapos e bandallos do día
en restroballos mesturados de rúa:
Cabichas abandonadas de carmín adormecidas;
papeis de envolver ilusións,
encubridores de segredos retardados;
bolsas de plástico na marxe esquecida
con afeites de anagrama impresa.
E un cabelo longo que voltea o vento
abre segredos
e descobre confidencias.

II .- NO PEIRAO DA BEIRARRÚA

PLAQUETA DA BEIRARRÚA

Canta plaqeta de beirarrúa
en ringleiras de infinitude,
durmindo na crueza do cemento un soño de eternidade.

Prisioneira e cativa alfombra de cuadrángulos encrucillada
cal insuas circundadas de amosegas escorrentías
en sinais de identidade nos logotipos labourados.

Deluída por zapatos pasadoiros de presteza
na cidade entolecida de estresantes traballos.

Afogada pola choiva a callón
e queimada polas cabichas abandonadas en vexigas descarnadas
desa pel de cemento que non berra,
nin lle poñen pomadas de alivio,
nin lle secan as carnes desgarradas,
nin lle limpan os mouros luares das gomas de remoer
que se abrazan en apertas escuras de feísmo,
máis alá da afastada tristeza,
nin lle rouban os papeis da sociedade corrompida
cerca dos bidóns do fedorento lixo,
que dorme en lugares preestablecidos,
en cheirumes preestablecidos,
en soidades de gatos mouros mantidos
co zurro e cos podres gafumes da noite.

ESTADA

No perfil da beirarrúa
nivelada en tacos de carballo reseco e idoso
- coma os aneis longos contados nos cercos das súas medras –
tanteados a ollo chosco:
vive de aluguer a estada.

Armada en redondos de a catro
afuracados en parafusas pasadoiras de chaveta
que se cerra ó final da vida do segmento
prolongado en chapa de ferro,
rompendo o vento
e esquivando a auga que se coa e escoa
en pingotas que baixan escapando esbagoadas.
Amecendo na caída empates de auga
e de gotas e de pingas en relevo,
escorregando as suores de albanel
que se mesturan entre os ferros e a altura
de diñeiros que se gañan en perigos pagados
da grotesca e atullada cidade
que se emperiquita no aire,
camiño do ceo
atafegando o asfalto.

ESCAPARATE

A cidade, inmenso escaparate corredío,
que persegue os ollos desbocados no peirao da beirarrúa,
cos manequíns de pernas adiantadas ó cristal,
vestido de transparencias,
nunha foto fixa que invade con canóns de claridade
á intelixencia convocada pola orde do día,
para unha xuntanza na que non hai hora nin minuto
que asosegue as arelas do futuro posesor,
en aras da prosperidade envexada
pola prosapia e avoengo da xactancia,
feita devezo no escaparate corredío
da cidade alugada ó estrago da fartura.

DIRECCIÓN PROHIBIDA

O teu pé cincado de aocado rectángulo,
que se afoga na escuridade inhumana do cemento corcovado,
chantado na esencia insensible da metafísica da materia,
na beirarrúa escorrentía das augas dos tellados;
lacerada dos ventos e das choivas,
sinal inmorredoira,
de corpo lanzal, cabeza alta e fronte ergueita.
As túas meixelas coloradas de vermello saltón,
e morango coa boca aberta ensinando os dentes
de branca risa ou de sorpresa inesperada.

Cantos diálogos calados coa túa cabeza redonda
de xente que non ten cabeza
e salta ó silencio do camposanto
nun intre amargo de parede derrubada,
de choque violento e de luz apagada,
de tacto brutal quebrantado
coa forza e a furia da velocidade
e do respecto violentado.

GUINDASTRE

No morrón do peirao da beirarrúa
malia a marca de dous graos no azougue,
séntese o brado da sirena
e a debandoira do guindastre levanta a enxarcia
de fíos retortos de aceiro,
e iza a bandeira de ladrillos ó vento.

Cal titán alporizado, xira e xira o esquelete
na espina vertebrar cuadrángula
de cristo crucificado no asfalto.

Alonga o brazo tentando a carrandiola do espazo.
Corta a maña de arriba abaixo
e rincha nos movementos de ósos de ferro,
sen graxa e sen líquido sinovial no artello armado
de trinquetes e rodicios en berros.

Dálle golpes ó vento
e séntese presa entre o cemento e o pranto,
serva do diñeiro,
construíndo casas de cartos e cuartos mouros
no medio do asfalto.

III.- RÚA ABAIXO.

III.1.- CAVILANDO.

III.2.- NA RÚA VELLA.

III.3.- NO CRUZAMENTO.

III.4.- NA PRAZA.

SEMÁFORO

Ameceendo pasos ó paso das horas
que na flor do semáforo se perden,
murchadas en ámbar.

Destripando vermellos do oco baldeiro de vida
en irto cilindro de verde guerra cambiante,
pendurando camelias en segundos de claxon.
Calafríos de morte.

Rúa abaixo.

Ameceendo pasos ós pasos da noite
e a luz tremelicante,
trasnoitada en veladas de vixía,
marcando beirarrúas na beiramar dos peóns.

As ondas dos coches suxeitas en bridas,
rinchán en anacos alongados entre bafos, ferindo a noite;
encrequénense diante do sol do semáforo
e dos barcos vestidos de zapatos
nos pés dos viandantes.

AUTOMÓBIL

Cuadrúpede das rúas en péz aparafusados
e calcañares de caucho,
esvaras coma cobra pola congostra do asfalto.

Orgulloso e prepotente, deteste
choscando os ollos de ámbar
en lentes de coloreados cristais
e cellas de parabrisas revolvedoras das augas,
e fungas ruídos monocordes de pares motores
pola boca aireada de refrixerios
abafas o nariz calorento de rodicios meigos.

Non es de aquí nin de acolá,
es o froito dun tempo,
un ser máxico, un deus herdeiro
dos cabalos alados de Pegaso
ó servizo dos Perseos e Belerofontes de hoxe,
froito dunha camada atafegante
do moldeado metal e do plástico reciclado.

ANIMAIS EN DESPRAZAMENTOS

Están as recuas dos automóbeis desesperantes,
- irritantes numes da velocidade que se multiplica
devagariño e sen pausa ó longo dos séculos -,
coma animais en despazamentos
mentres tremelican as cabezas da flor dos semáforos
avisando espazos arredados coa luz dos tempos.

Omnipotentes señores da gasolina, atragoándose
en pulverizados carburadores no botellón do asfalto,
alporizados e quentados en pedaleos fondos
de aceleradores que braman e oulean en brados axordados,
aborrecendo vidas,
marcando en gomas a presenza en voltas
que en segundos arden con cheiros queimando o asfalto.

Altísimos e reverendísimos cabaleiros encrespados,
todopoderosos patróns do asfalto,
entes supremos de metal e polímeros reciclados.
Posuídores posesos do don da ubicuidade
que botades lume polo escape adoecido
e sodes Aquiles de pés lixeiros que levades a París
mentres Paris saca do *carcax* unha frecha

que crava no talón do caucho
e desángranse as catro rodas de vidas e choques en voltas,
derrapando mortes na fin de semana,
amarradas á velocidade,
sen cinto, alcatranando seres humanos
no mouro asfalto.

SÍMBOLOS

A cidade dos símbolos untados de píntegas
que se escorren en liñas de obras.

Linfa branca no medio do asfalto
botada polo alambique da dor partida,
da moura estrada que persiste impávida
no dobre sentido dos coches da noite.

Cebra diluída en pasos de équidos africanos
acoutados en franxas de reserva peonil,
en viandantes ondas de verde esperanza,
tripando ulidos petroleiros
en mestura desodorizante de colonias a euro,
e coches de transporte señoril.

Beirarrúas altivas de rebordo escorrentío
gardando móbiles urbanos de chapas de aceiro
en cilindros de luz aparafuladas ó asfalto,
en círculos de luzadas concéntricas de ringleiras
que se expanden
na solidariedade equidistante
das grises farolas férreas,
ergueitas nas ringleiras sementadas do cemento
na horta cultivada con chapas da noite.

REBARBADORA

Clavileño cervantino
montado en colas de cable
que fende os solos en busca de estrelas
que se comen en luminarias de roladas esfachareadas,
devidas en faíscas esbarafustadas en cinza.

Aura mefistofélica adentando cementos forxados
de cidades baldeiras de persoas, e cheas de xentes
que respiran poeiras en franxas
seducidas polo vento a bafaradas curtas,
ó estrondo dunha roda diamantina que roda
a trece mil voltas por minuto,
chuchando durezas na calosidade do asfalto.

Brután de ferro e aluminio fundido
que barballas alaridos esbarafundados
dende a esencia mesma do celme da pedra,
e partindo en dúas, da cidade, a alma.

BUS

Xa vén o bus coas súas cornas mouras
de deus serodio espellando a cidade
en pousas loamiñeiras de rodas reviradas
e aparcadoiros achados.

Bandea o bandullo de cobra vermella
e ábrense bufando as portas ó cabo
en peches de pedículos alongados
e acochados na escrupulosa estrutura dos seus tapizados.

Deixa xente de chope,
escolantes e escribas,
operarios de obriga
e obreiros do tallo.

Xa se vai o bus cos seus letreiros
por diante, por detrás e polos lados,
e desaparecen as cornas mouras
de deus serodio traspoleirado,
no que hoxe é cidade
e antes fora prado.

VIDROS DE INDIFERENZA

Nos vidros da indiferenza
vísganse corpos que se esguellan
nas alancadas pernas da multitude
vitrificada nos escaparates ateigados de formas
que entran na lúa en anacos de segundos,
e logo, . . . desaparecen .

A cidade reborda dun xentío informe no ralento da noite,
nunha grea de urbanitas nas roseiras dos semáforos
que pasan en fatos ó son dos chocas verdes
tras dos zunidos dos escapes traseiros
que se abren entre as nádegas abombadas en rodas
e ó tremelucir das fiestras ó vesgo,
e ó proxectar escintileos de luces longas e curtas
enfocando as rúas
que beben háritos de luz
alcatranando as vidas
no mouro asfalto.

NO VOLUME XEOMÉTRICO E ACRISTALADO

No volume xeométrico e acristalado
deste sudario de cemento e pelouros pesados coma cidade,
que se vai facendo unha enriba doutra
ás costas dos nosos corpos,
ás costas da nosa liberdade de ombros caídos,
no gran espazo de vida que mata as abellas e os abesouros
e aparece a seitura dos coches
que fan trazos inscritos no lenzo das rúas
e móvense díscolos pintando liñas rectas abstractas,
e reviran aparcamentos coas fouciñas das rodas
chegando nesta seara da cidade
ós marcos levantados do cadro das beirarrúas . . .
fóra do terreo belido do espazo íntimo axardinado
onde mexan os cans,
onde aparcan ós vellos,
onde xogan os pícaros
e selan os fondos do lenzo que achaia o camiño
impregnando a superficie dos espazos verdes
nunha abstracción lírica que sente a poesía
e rompe co gris da cidade
e en verdes de verde vida
pían os paxaros.

DÚAS RODAS

Os letreiros das matrículas nos tornabarros
chiscan as letras dos seus ollos rebinxentos
de díxitos mesturados.

Dispáranse dúas rodas de motos á carreira

unha tras doutra, e páranse . . .
unha tras doutra, aqueloutradas,

equidistantes no espazo do cadro,
en mutuo respecto equilibrado,
xemelgas do asfalto calado.

E rematan sen rivalidade,

nunha manifesta idoneidade

de temperamento intacto, perfecto, coroadoo,
mentres tremendo tremeloce de medo o faro.

Dúas motos nos semáforos da noite,

dúas historias que cabalgan,
dous príncipes sátrapas desbocados,
dous alciprestes apertando os xionllos ó depósito,
curvando corpos e motos
ó asfalto anicados.

A FORMIGONEIRA.

Vénse revirando a formigoneira
montada na caixa de ferro do camión hercúleo,
en xiros espazados de xusta clepsidra
que bota auga máxica de fermento
nas pedras miúdas,
alporizando o cemento en mesturas coa area,
amalgamado, confundido en apertas mechas
de remexida e calabreada.

Como renxen as engrenaxes na roda dentada
e se funde a mestura a metro cúbico de formigón armado,
empolincado en canles de aceiro percorrendo a estada,
asolagando o ferro no molde do encofrado
e antes de vinte e catro horas co tempero desexado.

Xa se vai revolvendo a formigoneira
coa boca de congro aberta e a pel mollada
en busca doutra viaxe e doutra fornada;
amecendo casas ás rúas da cidade,
en conquistas de terra queimada
e en ásperos suplicios de intransixencia
gañando espazos á luz da alborada.

ASEDIADOS MAGNOLIOS

Asediados magnolios ouvintes do latricar das xentes,
a rentes mesmo do asfalto que circunda
e do cemento que inspira rudeza en desequilibrio,
pousado na rúa, nas prazas, nos paseos, nas beirarrúas . . .
nos alicerces da cidade que agacha as vosas raíces importunadas,
as vosas follas tecidas de carne verde carnaz fustigadas
polo CO₂ que afuma e afunga.

Modernistas magnolios, onde vos van os paxaros que arrolan
e acariñan as vosas pólas en saltos de amor e de vida
e en piaraes de esperanza?
Isoladas árbores coma as persoas na multitudine;
desamparadas, coma os timbres dos porteiros automáticos sen respuestas,
códigos de receptores instruídos na simboloxía social
da escravitude urbana que escoita
o desgarrado queixo deporondado dos edificios.

NÉMESIS

Escoita o doce lamento dos edificios
na noite cuadrángula de lúas perdidas,
no silencio diédrico de paredes frías,
de cristais quebrados no roto das rúas,
nos corazóns en casulas envoltos de portas pechadas.

Pasaron de trinquete dúas voltas as chaves
renxendo en catarro a fechadura;
no violín da noite: navallas de Taramundi
abrindo as follas da fendedura.

Cachas de madeira, mangos de Némesis,
deuses da vinganza inspirada na maquinal ferrería
que ole alentos de drama en alcohol menciña
de botellóns fillos
e da morte veciña.

Dous lances ó aire no mes da seitura
segundo cal fouciñas á manda e á presada.

Dous mollos tirados e o sangue manaba
cerca dos vincallos dos cintos en gromos
de flores de camelias vermellas e gotas de papoulas perdidas
nas medas da noite ninguén se aveciña
e os corpos dos mollos non senten a cabeza de espiga
e xacen vingados da equidade mesquiña.

LADRILLOS DE ARRABALDES

Ladrillos de a nove
abarculados a doce furados
que en ringleiras escoitan o vento pasadoiro
nos baixos e fondos da cidade que aumenta arredores
en leiras a hortos e progreso de tristeza.

Muros cerrando espazos e luz de silencios
cargados de pesados e duros cimentos
que encofran vidas na vida cruenta da grande cidade.

Chumbadas niveladas co martelo das horas
e paletas de cemento a presadas
arreboladas á textura acanalada,
pechando os ladrillos de gris desgustado.
Confundindo da cidade o gris
co gris esparavelado.

POR DEBAIXO DA ESTRADA

Por debaixo do cemento da estrada
no turbio desauge da vida-pasa
a nosa miseria tan encostrada
nunha arroutada do noxo da casa.

Nun tubo de vinte ou de corenta,
revolto, escuro, turbio e axitado,
marcha a desgraza do home noxenta
aínda que sexa acaramelado.

Lordas revoltas e alteradas
vixando túrbidas, confundidas,
inquedas nas augas alodadas.

Non vos chuleedes nin gordo nin fraca
porque a gafumada é más cheirenta
cá recente feita bosta de vaca.

HAI PALABRAS NA INOCENCIA DOS MUROS

Hai palabras escritas
na inocencia branca dos muros.

Hai palabras presentidas e hai palabras encubertas.

Hai palabras agachadas en capas de pintura política;
e hai política pintada en palabras negras.

Hai palabras que acariñan quereres
e hai corazóns desqueridos.

Hai palabras vermellas
que berran clamores
e hai palabras que claman ó ceo
rompendo as aldrabas dos peitos
en solicitudes de audiencia no clamor da terra.

Hai branca pintura tapando os gritos descarnados,
e a política que queres
... e os corazóns malqueridos.

TATABEXA O MARTELO PICADOR

Fuxiron os poucos paxaros
que pousaban os tres pés ao pé da cidade,
e o día percutiu a mancadura da tristeza,
nunha ferida de pau de ferro aguilloando cos cravos da amargura
que afalaban impactos de mazo peteirado
no brado confuso en que estoupa a rúa.

Tatabexa o martelo picador,
excitado no fragor da contenda,
batallando coa morte moura do asfalto
nun estrondo martelado de estoupidos
que estouran e reventan os ouvidos
no batifondo estalado
da tristeza penetrante e do corazón inerme
que traspasa o aire confundido
coa imposibilidade da existencia
na cidade latexante
de ruídos inconclusos.

III.1.- CAVILANDO

BALEIRO ANATEMA

Baleiro anatema

para os que con palabras ocas na cidade apresurada,
salferindo conciencias contan mentiras
envoltas en casulas de verdade falseada
e mente obnubilada.

Baleiro anatema

para os que non pagan impostos e son raposos da noite
formando sociedades mercantís globalizadas
nos continentes da alífera desvergonza
e segue a improbidade da subvención
agochada entre as verbas de leis maquilladas.

Baleiro anatema

para os que son donos do noso diñeiro
suado con gotas de sangue derramado en vida vermella
e emprestan os nosos cartos en contas a cotas
e cobran ó veciño o prestado por aquelo.

Baleiro anatema

para os que descobren minerais de ámbar
ó longo do mundo adulterado,
e róubanche o horto, e tíranche coa casa,
e sementan de morte
a luz e o aire,
e deixan trastornada á xente de ben,
sen roupa,
na xeada da noite,
co cu ó aire.

CRUZA POLO SOÑO DA CIDADE DURMIDA

Que cruza polo soño

da cidade durmida?

Quizais un salouco mouro de amargura
no chafariz esfarrapado da fonte da existencia
que agruchadiña bota xermolos de auga
esgarrapizados na vida da pedra
e no corpo dos dormentes.

Ou chorimas da noite no veludo das horas
que esfardeladas esgarecen
nos silencios da pedra.

Ou chuchameles nos labros da mañá
faltos de orballos nos cómaros grises das beirarrúas
que secan as lámpadas nidiás dos ópticos
na noite esmacelada de presenzas.

Ou sofraxes tisnadas na lameira do soño
mergullados na rúa
de axóuxeres mortos á procura das horas.

III.2.- NA RÚA VELLA

PORAL

Hai unha boca gorentosa
en cada portal
cando abren as portas delouradas
coma labios de carmín celmosos
e penetran os sons da cidade enxordados
na epiderme cerúlea do día acochado no espello.

Ó abrir a porta destas bocas pechadas de repatos,
baixan polas gargantas das escaleiras máxicas presenzas de outrora
envoltas nun vento frío alentado de sártego,
nunha capa que move mangas e nun chapeu sen cabeza
sorteando escaleiras en bambeantes bastóns de prata.
Polos pasamáns foxen rozando pantalóns curtos
que se esnafran no relanzo do portal ateigado de invisibles presenzas
e apáxano luvas de seda tinguidas de delicuentes dedos
e aneis encaracolados e chuchados de ausencias.

CASAS DERRUBADAS

As casas derrubadas pregúntanxe o porqué do silencio
e as delgadas sílfides cofan fendas de vento
en refregas esmorecidas de fracaso.

As casas derrubadas pregúntanxe o porqué da altura
depenando sopros pola boca do bocaño da porta
e os ollos dos boquetes nas ventás nesgadas polos picachóns do afundimento.

As casas derrubadas pregúntanxe pola súa vida de pedra caída,
polo calamitoso esquecido no roto da rúa
en vestixios de ruína consentida
na historia da cidade xamais rematada.

CADROS DE SANTOS

Por detrás das fiestras
na fuselaxe das lámpadas,
acenden os ollos as medusas de amorodos
penduradas da cara alta dos hexaedros cohabitados dos cuartos,
e corisca a haxiografía dos cadros
de santos e virxes embalsamadas tralos vidros de xeo.

Refulxen as facianas das imaxes
en alegorías sen aleluias,
en sospeitas figuradas de existencias,
faiscando as caras do dorme-vela
dunhas faces enxábidas,
insulsas, insubstanciais,
que parecen saídas dun cadaleito,
e cohabitán con elas
a carón da cama,
mentres esmorecen nunha explosión de escuridade
as vexigas das medusas das lámpadas,
e ábrense os soños
na noite monocroma.

ACALA MÁIS FONDO O REPOUSO NO CLAUSTRO

Están as pombas tristes
desparasitando os corpos no beirado dos tellados
coas martabelas dos picos
moumeando falas de arrolos longos
ataniscando as lousas
na moumiña tarde,
e unha nube sen auga tapa o silencio
coma unha moura pucha, silandeira,
e cobre e acala más fondo o repouso e a calma,
torturando ó domingo co seco aire.

Vaise esgotando a luz no fraco alento
e retórcense as campás lutuosas
envolvendo o claustro
nun arrecendo de incenso
de fino aire.

III.3.- NOS CRUZAMENTOS

CRUZAMENTOS

Habitamos desconsolos de multitude
nesta cidade de cruces cravadas
no Gólgota do asfalto.

De coches crucificados na alfa e na omega,
da cabeza caída e de pés cravados,
de mans estendidas á dereita e á esquerda dos bolardos.
e de corpos tendidos
na morte do asfalto.

Neste espantallo de cores e luces na sombra,
que delimitan as rúas na perpendicularidade da soildade
e nos noventa graos pechados en suplicios de ángulos
encabuxados e encamiñados en paralelos espazos de demora;
séntese o día roto . . .
e a noite furada en esguellos cuadrángulos.

O CEGO

Amparado nos alicerces da esquina
e escuadrado na xeometría estática da rúa
que dispara os canóns do vento ós vértices dos cruzamentos,
vive inalterable e definitivo o cego,
marcando os días e oblicuando as horas
nunha estática foto de ángulo diedro.

En cantos espazados de números temperados,
deperondados das lapelas cal sortes apreixadas
que se adentran na escuridade das cataratas da mente
en liames de arelas inalterables de esperanza.
Estático cal deus Xuno, fillo de Apolo e da ninfa Creusa,
tetrafronte da rúa,
coa chave de ouro da ilusión nunha man espallando
e na outra, a man . . .
agarrada á luz da variña,
da sabedoría de ollos pechados e luz manifesta
en luzadas de percepción simbólica de obxectos virtuais
no Olimpo da encrucillada que se resolve nun punto.

HAI ENXAMES DE PALABRAS PERDIDAS

Na cidade, hai enxames de palabras perdidas
penduradas da inconsistencia do aire,
de chamadas telefónicas diluídas en ondas
que se cruzan á velocidad da luz,
mentres Dédalo as vai levando polo labirinto
de rúas atravesadas,
de cadeiras valeiras e coches mortos;
e o minotauro das compañías telefónicas
come a carne humana dos abonados,
dos Teseos destinados ó alimento do monstro
entre os mirtos altos das rúas
e os zigzags do xardín do asfalto.

Xa non hai Ariadnas de nobelos longos
para que sigan o tendido dos cables
e liberen os abonados Teseos
que abandonan as Ariadnas.

Xa non hai sacerdotisas na insua de Naxos.

Na cidade hai enxames de palabras perdidas
penduradas da inconsistencia do aire.

III.4 .- NA PRAZA

O TOLDO DO CAFÉ

O toldo do café abana
tristuras de augardente
e dozuras de café con leite;
nos seus reberetes carraspexan cafés mouros
e tabacos de Cuba ondeando ventiños mornos,
de espirais latexantes na insistencia tenue do aire
que leva papeis de azucré entre as redondas mesas
de ferro, que descaradas insinúan as súas cachas de mármore
nunha prega de faldras abertas do pillo aire.

Parasoles de lúa.

Unha gaita no aire.

Reberetes de notas encrechan

os corazóns dos paseantes.

Acanéanse as culleriñas de prata

coma badais de campaíñas

en tintileos harmónicos e estreitos

nas cuncas pequenas e nos púcaros anchos.

Ameccendo ledicias

sentadas nas terrazas estivais

dos días longos.

NO TABOLEIRO DE XADREZ DA PRAZA

Rebole o xentío na praza consolada de solpores
abelloando formas nun fervello colectivo,
nun formigueo de cabezas entrecruzadas
que se perden . . .

No taboleiro de xadrez da praza
móvense as cabezas de cadros negros
acompasando pisadas,
e quedan os cadros brancos en ocos de cemento luído,
zapateado en solas,
taconeado en solos e en mesturas que se ausentan
en caleidoscopios que multiplican sumandos
e atoutiñan cores.

Na praza de multitudes,
cadaquén ó seu.

Acaudalados de soidades.

UNHA POMBA ENTRE A XENTE

Nun hálito do vento, afogando tristuras
na praza ancorada . . . unha pomba entre a xente.
Panorámico fervelleo desde os seus ollos de pomba
que rebole entre as pernas en ocos . . .
de pasos que alancan cos pés lixeiros,
de pasos que demoran cos pés de la,
de pasos que a pé feito tripan pés
e plumas de pomba en degaros de nenos,
. . . e pasos esquecidos.

E retorcen as unllas en dores arrefriadas
entre faragullas de sangue bicando esmolas,
e rozan as follas das ás,
das froumas velaíñas do seu corpo
que se esvaece en gris
co gris da cidade.

E seguen cun hálito de vento
afogando tristuras en menosprezos alados.

I.- CORREU A PEL DA NOITE.

CORREU A PEL DA NOITE.....	3
FIESTRAS	4
DEAMBULAN AS ALMAS VAGAROSAS.....	5
ESMOLEIROS	7
RÓTULOS DELOURADOS	8
EIS A CIDADE AMOUCHADA	9

II.- NO PEIRAO DA BEIRARRÚA

PLAQUETA DE BEIRARRÚA	11
ANDAMIO	12
ESCAPARATE	13
DIRECCIÓN PROHIBIDA	14
GUINDASTRE	15

III.- RÚA ABAIXO

SEMÁFORO	17
AUTOMÓBIL	18
ANIMAIS EN DESPRAZAMENTOS	19
SÍMBOLOS	21
REBARBADORA	22
BUS	23
VIDROS DE INDIFERENZA	24
NO VOLUME XEOMÉTRICO E ACRISTALADO	25
DÚAS RODAS	26
A FORMIGONEIRA	27

ASEDIADOS MAGNOLIOS	28
NÉMESIS	29
LADRILLOS DE ARRABALDES	31
POR DEBAIXO DA ESTRADA	32
HAI PALABRAS NA INOCENCIA DOS MUROS	33
TATABEXA O MARTELO PICADOR	34
<u>III.1.- CAVILANDO</u>	
BALEIRO ANATEMA	36
CRUZA POLO SOÑO DA CIDADE DURMIDA	38
<u>III.2.- NA RÚA VELLA.</u>	
PORTAL	40
CASAS DERRUBADAS	41
CADROS DE SANTOS	42
ACALA MÁIS FONDO O REPOUSO NO CLAUSTRO	43
<u>III.3.- NOS CRUZAMENTOS.</u>	
CRUZAMENTOS	45
O CEGO	46
HAI ENXAMES DE PALABRAS PERDIDAS	47
<u>III.4.- NA PRAZA.</u>	
O TOLDÓ DO CAFÉ	49
NO TABOLEIRO DE XADREZ DA PRAZA.....	50
UNHA POMBA ENTRE A XENTE	51